

Con Cabanillas polo Salnés

(apuntes para un roteiro)

Manuel Núñez Pérez

2009

ANO CABANILLAS



Con Cabanillas polo Salnés


(apuntes para un roteiro)

Manuel Núñez Pérez

Asociación de Ensinantes do Salnés-CANDEA

- 1: SAÍDA: Cambados
- 2: Illa de Arousa
- 3: Santa María de Caleiro
- 4: Lobeira
- 5: Ponte Arnelas
- 6: Casal de Caticovas
- 7: Pazo de Barrantes
- 8: San Cibrán
- 9: Mosteiro de Armenteira
- 10: Muíños de Lores
- 11: Sanxenxo
- 12: A Lanzada
- 13: A Siradella
- 14: Adro Vello

Edita: Asociación de Ensinantes
do Salnés-CANDEA
Manuel Núñez Pérez
Depósito Legal:
Imprime: Imprenta Fidalgo



Neste outono do ano 2009, quincuaxésimo cabodano do “Poeta da Raza”, **D. Ramón Cabanillas Enríquez**, a Asociación de Ensinantes do Salnés (CANDEA), ponlle coda á diversidade de actos que realizou para conmemorar esta efeméride, realizando un roteiro polo Salnés.

Inscríbese esta actividade na elaboración de materiais para o coñecemento do medio que Candea ven realizando desde a súa fundación.

Somos conscientes das múltiples posibilidades educativas que achega o coñecemento do entorno socio-natural de cara a desenvolver nos nosos alumnos e alumnas a capacidade de análise crítica e autónoma do medio no que vive e de participar de forma activa na conservación e mellora do mesmo. Non se ama o que non se coñece e non se loita polo que non se ama.

Para este itinerario seleccionamos os poemas de Cabanillas que fan unha referencia máis directa ós lugares polos que pasamos e que podemos observar desde os puntos de parada no noso roteiro. Todos eles están tirados de **“Ramón Cabanillas. Obra Completa” tomos 1, 2 e 3**, da Edición realizada por D. Xesús Alonso Montero para a Editorial Akal. Madrid, 1979.

O criterio para a escolma e o percorrido podían moi ben ser outros para conseguir os obxectivos propostos: achegarnos á vida e obra de Cabanillas e ter unha máis ampla visión da comarca do Salnés. Estamos seguros que o lector botará en falta moitos aspectos da bisbarra non contemplados, especialmente de Cambados. Estas eivas estamos seguros que quedarían correxidas se bota man doutras publicacións relacionadas con Cabanillas, realizadas por Candea: **“Polo Salnés con Ramón Cabanillas”**, ilustrado coas magníficas acuarelas de **Eduardo Baamonde**, editado este mesmo ano, e o roteiro **“Por Cambados con Cabanillas”**, que viu a luz no ano 2000.

Cambados, outubro de 2009.

I. Saída

Iniciamos o noso roteiro na rúa Novedades de Cambados, diante dunha pequena casa mariñeira con patín, hoxe convertida en Casa Museo, na que o 3 de xuño de 1876 naceu **Ramón Cabanillas Enríquez**.

SALUTATIO AD PATRIAM

(Ex Ael. Ant. Nebrisensis)

¡Salve, miña casiña!
¡salve tamén, vosoutros
os Lares e Penates, testemuñas
do meu nadal!
Aquí meu primeir folgo,
aquí por vez primeira
da luz ós raios abrochei os ollos
e aquí foi donde a miña criandeira
abreume a fonte do seu peito morno.
Aquí, meus pais cobríanme con bicos
de entenrecido arroubo
e aquí, nestes currunchos, ecoaron
meus primeiros saloucos.
Aquí, neste coartíño, estaba o berce
onde me viña a visitar o sono,
mentras miña nai ciña para dormirme
erguía o canto místico do arrollo.

Aquí, patelexando,
botáballe os braciños ó pescozo
a meu pai, para quen era
o peso de máis gozo
si é que non me acollía
ó dondo niño do materno colo.

Aquí, no espido chan, bule que bule
ás arrastras e a rolos,
e na cativa eira
pouquerrechiño a pouco,
escomencéi a andar ás degatiñas,
as mans sin tento por incerto apoio.
Abalando o soneiro tintinante,
aquí en dous pés, con medo, funme pondo
e a miña nai, ridente e tatexando,
chaméi con píos de paxaro novo.
Na compañía de nenos do meu tempo
estas paredes viron os meus xogos,
collendo e pondo as noces
a gañaperde, con sorteiro troco.
Nunha longa canela cabaleiro
loitéi bulindo co broquel de coiro,
mais meu meirande feiticeiro enlevo
era bailar o trompo [...]

“Camiños no tempo” (1949)



Continuamos o percorrido pola Praza de Fefiñáns, daquela do mercado. Unha praza orixinariamenet aberta ó mar e determinada polo Pazo de Fefiñáns, construído nos séculos XVI e XVII, ó Leste e Sur e pola igrexa de San Bieito ó Norte. Neste templo, con elementos góticos rematado no XVIII, foi batizado Cabanillas o día despois do seu nacemento.

Abandoamos a praza pola estrada de Vilagarcía á que noutroa se accedía pasando debaixo dun arco, semellante ó que hoxe une o pazo coa horta, polo que os señores da casa de Fefiñáns entraban directamente na igrexa, e que foi derrubado en 1843. Dirixímonos ó seguinte punto do noso roteiro, a traveso das parroquias de Corvillón e San Miguel de Deiro, ata:



2. Illa de Arousa

A Illa de Arousa segregouse de Vilanova no ano 1997 constituíndose en concello. Abarca a illa do mesmo nome e os illotes Areoso e Xidoiro. Basea a súa economía na pesca, no marisqueo e no cultivo do mexillón. Posee un rico patrimonio natural no que destaca o Espazo Natural “O Carreirón”, as múltiples praias que circundan a illa e as rochas graníticas de variadas formas que o concello sinalou nunha “Ruta dos Cons”. O seu patrimonio cultural está formado pola Acea de Mar do Carreirón, o muíño de vento e o Museo da Conserva, instalado na antiga fábrica de conservas Goday (1843).

Na Illa ten un grande protagonismo a embarcación tradicional máis emblemática de Galicia, a dorna. Segue a ser usada na pesca, no marisqueo e como embarcación de lecer e na práctica deportiva.




VEIRAMAR

Tumbada, quilla ó aire,
desfaise no areeiro a vella dorna.
groria e relembro dos lonxanos días
nos que se déu ó mar como unha noiva,
repulida e locente das carenas,
ben presada de estopas,
a branca vela ó vento, cantareiro
nas atesadas cordas...!
Noites de lúa crara,
Fondeada na posta,
Deixándose ir e vir de vagariño
nas latexantes ondas,
como berce de neno
arrola que te arrola,
mentras as liñas soltan, rebulindo,
brincando, dando voltas,
os buraces de prata
nos paneles de proa...!

Firentes invernías,
tardes de vento e choiva
nas que galgante, a pulos, enrabiada,
entre as ágoas bruantes e revoltas,
sin medo de arroaces nin refachos,
co duro leste traicioneiro en loita,
coa guía daquel santo patriano
-¡Dios o teña na groria!-
que dende Ons ou Noro,
deixando pola popa,
rabexante e fervente,
longo ronsel de escumas briladoras,
unha Salve nos beizos
e unha man no timón outra na escota,
san e salva, metíase no porto
mollada dos salseiros, trunfadora...!
Tumbada, quilla ó aire,
desfaise no areeiro a vella dorna...
Nunha cuaderna núa, apodrecida,
está pousada, inmobre, cavilosa
ollando a lonxanía,
como unha ibis sagra, unha gaivota.

“Poemas soltos” (Sen datar)






Cruzamos de volta a ponte e entramos en Vilanova de Arousa. Esta vila que tivo a súa orixe coa fundación do mosteiro de Calogo no S. VII, estivo sempre ligada ó mar e é o berce dos escritores Ramón M^a del Valle Inclán e dos irmáns Francisco e Julio Camba. Conserva un variado patrimonio cultural no que salientan a Torre de Calogo, Igrexa da Pastoriza, ruínas da capela de San Amaro e os pazos do Cuadrante e Alvarelos. Faremos a nosa seguinte parada en Caleiro.

Torre de Calogo



Santa María de Caleiro

3. Santa María de Caleiro



No adro desta igrexa de orixe románica que xa aparece documentada en 1114, lembraremos con Cabanillas a Valle Inclán.

O NETO DE DON XAN MANOEL DE MONTENEGRO

Miña tía Encarnación, moi dada ás cousas de igrexa e ben da alma, levoume unha tarde de vran camiño da parroquial campesía de Santa María de Caleiro.[...]

Cando nunha revolta do camiño apareceu diante de nós a torre pardecinta do vello campanario, enchéunos os ollos a visión lumiosa dun xentío barulleiro –panos bermellos e amarelos, saias de estameña, chaquetas de tarazona, boinas mariñeiras, mantelos de veludo e de pañete, refaixos rebiteados- que rebulía, como as abellas ás portas dun cortizo, en precurso de asento a carón dos valos ou arredor das catro ou cinco sobreiras que morrían de vellas no campión fronteiro da igrexa... No adro non cabía unha agulla.

Era o día derradeiro da Santa Misión.[...]

Cando o frade predicador rubía o púlpito, chegou cabo de nós unha señora ben portada, cuberta de loito, e á súa veira un rapaciño señorito, como de oito anos, que me levóu os ollos. Unha criada vella que viña renqueando detrás abréu unha cadeiriña de tixeira, e a dona petrucia tomou asento con aire repousado de enxebre fidalguía.

O neno era branco como as albas neves, tiña os cabelos dun dourado soave e a cara xeitosamente alongada –inda estáu vendo a súa chalina azuada con pintiñas brancas que abría a lazada como unha rosa, sóbor da brancura brillante do ancho cuello á mariñeira- rubéu as escaleiras do cruceiro e quedouse en pé, a par do varal, tendida ó lonxe a mirada limpa, tranquiá, vagariñante.[...]

Tempos viñeron, e ó rodar dos tempos, por paliques e conversas de cousas e personas, caín na conta de que o neno de aquela tarde de Santa Misión, o neno da mirada vagariñante solene, de lonxanía, era o dempóis cen veces sonado Don Ramón del Valle-Inclán e Montenegro.

“Memorias de un home que non se atopa a sí mesmo” (En “El Sol”, Madrid, 1919)

Continuamos a rota e dirixímonos agora cara o cume do Monte Lobeira, testigo xeolóxico de 290 m de altitude, constituído por duro granito e atalaia que nos permitirá disfrutar de magníficas vistas da ría de Arousa e o val do Salnés.

4. Lobeira

Moitas lendas referidas a este monte falan de túneles que chegan a outros montes e ata o mar, e de tesouros agachados. Neste “castro lupario”, como o denominan as crónicas medievais, existiu unha fortaleza que foi testemuña das loitas entre a Mitra compostelá e dona Urraca. Foi destruída na revolta irmandiña . Excavacións recentes puxeron ó descuberto o alxibe e tramos da muralla desta construción defensiva.

Desde este miradoiro ou dos do Xiabre, Castrove, San Cibrán, Siradella,... poderemos sentir a “visión gozosa e teoloxal” da que fala Valle Inclán, ou o “arrecendo das veigas mimosas”, citadas por Cabanillas, do **Salnés**.

A comarca “Saliniense” ocupa o curso baixo do río Umia e os territorios lindantes, entre a banda sur da ría de Arousa e a norte da de Pontevedra.

O Salnés está constituído por un amplo val de fondo chan e unhas chairas litorais que se elevan cara os montes Castrove e Xiabre e as súas estribacións. A súa costa é moi recortada, protexida cara ó interior da ría e aberta cara o Atlántico. Presenta unha grande variedade de espazos xeográficos: promontorios, praias, cantís, furnas, rochedos, illotes, illas, dunas, enseadas, tómbolos, marismas,...

O mar no Salnés é importante fonte de recursos pesqueiros e marisqueiros que xunto a unha agricultura baseada na viticultura, especialmente a uva albariña, e na horticoltura, ó aire libre e en invernadoiros, son a base da economía comarcal.

A bisbarra ten unha superficie de 275 km² e nela viven 106.000 habitantes repartidos nos concellos de Cambados, O Grove, a Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Ó longo da súa antiga historia o Salnés foi acumulando un rico patrimonio cultural: estacións paleolíticas, megalitos, petróglifos, castros, restos romanos, necrópoles tardo-romanas e suevas, torres defensivas, mosteiros, conventos, igrexas, pazos e casas señoriais, cruceiros, hórreos, muíños, reloxo de sol, etc.

Conta ademais con importantes espazos naturais incluídos no Parque Nacional “Illas Atlánticas” e no LIC “Ons-O Grove”, entre os que destacan a Illa de Cortegada e a Enseada do Umia-O Grove, protexida tamén como ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) e Humidal Ramsar.

NO CASTELO DE LOBEIRA

Como xigante
guerreiro
sempre disposto
á algarada,
-ferro no lume batido,
pedra dura de montaña,-
do forte CastroLupario
no cumio ergueito, descansa
o castelo de Lobeira,
segura e rexa atalaia
que as terras do val mimoso
de Salnés defende e garda.

Ten ó levante o Castrove
mira ó poñente a Barbanza;
ó norte as torres do Honesto,
ó vendaval a Lanzada.


Regando as veigas froridas,
corren dunha e doutra banda
ágoas tranquías do Ulla,
nadas en terras sagras,
cheas das voces pregantes
dos coengos de Iria Flavia,

e as do Umia barulleiro
que conecen as risadas,
as cantigas e lelías
dos xuglares do Bergaña.

Bicando os ouros da area,
esmorecido na praia,
o mar da ría reloce
como un espello de prata;
e o ceo limpo semella
que, pouquiño a pouco, baixa
a falar cos seus eternos
irmáns: o mar e a montaña.

E o promediar dun domingo;
a misa foi acabada,
e dende o adarve da torre,
no corazón unha espranza,
da mañán crara e ridente
á luz soave e doirada,
terra e mares axexa
a Condesa Doña Urraca. [...]

“Camiños no tempo”(1949)



Antes de comezar o descenso dedicaremos un tempo extra para contemplar a cidade de Vilagarcía de Arousa, a poboación máis importante da comarca, que posúe estación de ferrocarril e un importante porto comercial.

Voltamos ó val e achegámonos a beira do Umia. Cruzámolo por un dos máis antigos pasos: a ponte de Ponte Arnelas que une os concellos de Vilanova de Arousa e Ribadumia.

5. Ponte Arnelas

Esta ponte foi construída durante a romanización e reformada na Idade Media. Posteriormente foi modificada en 1598 por orde de Felipe II e a comezos dos anos 20 do século pasado.

Coñécese tamén como a “ponte dos padriños” por celebrarse nela butismos prenatais. Fronte ó extremo norte da mesma está a capela de Santa Marta, avogosa dos oídos, á que se lle celebra unha romaría o 29 de xullo. Antigamente mergullaban á imaxe da santa no río en tempos de seca.



AGOÍÑA MILAGREIRA

¡Ágoa homilde, ágoa irmán,
ágoa chea de gracia, de dozura e beleza
¡Ágoa maina, ágoa sán,
que eres toda limpeza,
craridade e saúde
e fartura de pan,
que eres toda virtude
contra o aire de sapo, o ferrón do alacrán,
a pezoña da cobra e a dentada do can! [...]


Nas adoas do carballo de locente feitizo,
nos pelouros saltóns do pedrizo,
nos cristás da xiada,
no milagre da choiva,
na folerpa da neve, bordada
como encaixe de noiva,
na folerpa da neve, tecida
como velo de freira,
barbullada nas fontes da vida,
lanzal mensaxeira

das outas rexiós,
a ágoa humilde, mainiña, rideira,
chega sempre mandada de Dios! [...]

Agoíña milagreira
nas pedras saloucante, nos regos rexoubeira,
bulidora no monte, repousada no val,
¡dame a tua homildade,
éncheme de craridade,
límpame de todo mal!

E ti, agoíña mansa, silenzosa e tristeira,
no rodicio batida,
na presa escravizada e prisioneira
e dos pozos nas trevas afundida
e fedenta e enlizada na lameira,
¡sofre do mal das almas, sofre do mal de amor,
sofre, chora e padece como Noso Señor! [...]

“Vento mareiro” (2ª edición) 1921



Achegámonos agora no noso roteiro ó concello de Meis que posúe un importante patrimonio histórico artístico e etnográfico. Algúns dos seus monumentos verémolos neste percorrido.

Pasamos ó pé da igrexa de Santa María de Nogueira, de estilo románico, construída entre finais do S. XI e comezos do XII, que tivo a súa orixe nun mosteiro fundado no S. X por monxes beneditinos de Carboeiro e que logo pasou os Sanxoanistas. O desaparecido cenobio deu lugar ó nome da capitalidade do municipio: O Mosteiro. No seu concello traballou D. Ramón Cabanillas como secretario interino en 1937.

6. O Casal de Caticovas.

Esta casa torre foi construída a finais do século XVI ou principios do XVII por D. Juan González que casou con D^a Antonia Caamaño da Casa de Rubiáns. No tempo de Cabanillas era propiedade de Salustiano Vidal, o ex alcalde de Cambados co que o noso autor comezara a traballar no Concello, e logo tamén alcalde de Meis. Aquí se "refuxiou" á súa volta de Madrid nos anos vinte e aquí se inspirou para escribir o seu poema **"O Casal de Caticovas"** que apareceu publicado por primeira vez o 15 de xuño de 1924 en "La Temporada en Mondariz". Este pazo chegou a ser propiedade de Aurora Cabanillas, filla do poeta, que casara cun fillo de Salustiano Vidal.



O CASAL DE CATICOVAS

Do ceo borrallento,
na saudosa paz
da atardecida,
cai a choiva sin vento,
fío a fío, esvaída,
nos erbeiros mimosos,
nos verdeclaros, ledos milleirales,
nos solenes pinales vaborosos,
nos fiunchos miudiños dos veirales,
deste val de Salnés, vella campía
onde a céltiga raza achou asento,
fogar da fidalguía,
piorno fartureto,
niño tépedo e mol,
cando chea de espírito relixioso
í a cara ó Poñente misterioso
namorada do Sol!
O Castrove xigante,
Montaña-nai da terra ben querida
que se alonga soave, verdecida,
até as praias de Atlante,
-¡jou, meu berce de neno! ¡jou, branco fume
do meu fogar deitado na ribeira!-
está diante de mín, cinguido o cume
de brétema esgasada,
ollando a cruz de ferro de Lobeira
e axexando o mar outo da Lanzada.

-¡Miña nai, meu feitizo e meu namoro,
terra de pan levar!
¡Terra de diesmo e foro
de András a Adina e de Armenteira ó mar!
¡Terra boa ó traballo agradecida,
sin respouso nos séculos lañada;
na sementeira, do legón ferida
e escrava humilde do puxente arado;
ó recoller a anada,
cando o froito logrado,
pola renda de novo escravizada!

¡Terra sagra dos castros e os mosteiros,
dos milagres sinxelos, solermiños,
e dos medosos tráxicos cruceiros
nos alargos das xuntas dos camiños!

¡Carballeiras follosas,
veigas, valos, regueiros de Padrenda...
sempre o meu corazón terá unha fenda
que abriron nel lembranzas garimosas!
¡Torre de Santomé sóbor da praia,
por un milagro de dolor sostida,
onde unha reina seus amores laia
no misterio da noite estrelecida!

¡E ti, Cambados...! A alma miña encerra
teu cariño nun berro: ¡Miña Terra!-

“Camiños no tempo” (1949)

Seguindo o curso do rego de San Martiño ou da Armenteira dirixímonos a un lugar senlleiro do concello de Ribadumia, rico tamén en patrimonio cultural e etnográfico, o Pazo de Barrantes .

7. O Pazo de Barrantes.

Este pazo foi edificado a finais do século XV e principios do XVI e sufriu reformas en datas posteriores. Cos seus propietarios, os Condes de Creixel, mantivo Cabanillas unha fonda amizade. Actuou como secretario particular do Conde, don Vicente Sagarriga, cando no ano 1922 foi nomeado gobernador de Segovia, e á condesa, Julia Becerra Malvar, adicoulle o poema “Santa Teresiña do Neno Xesús”. Na adicatoria ben se ve o afecto que lle profesaba:

SANTA TERESIÑA DO NENO XESÚS

Para Xulia Becerra Malvar, Condesa de Creixel:

*Acesa en santidade e chea de fragancia
“A rosa desfollada” dunha Santa Teresa
enraizada no ceo e frorida na Francia,
lévalle os meus respectos, benamada Condesa.*

Lisieux. Noite de Maio.

O xardín dun mosteiro.

Un reiseñor debulla

cantigas nun loureiro.

Sobre o xardín abréuse unha crara ventán
onde abalan os lirios ó ventíño levián.

Na fenestra, unha nena de sagro amor ferida
os seus soños espalla na noite estrelecida.

Tén os beizos abertos nun salaiar diviño
e os seus ollos no ceo van abrindo un camiño.

A toca carmelita da neniña fermosa
é como unha fulxente coroa lumiosa.

As estrelas na outura fixéronse un novelo
e bulindo racharon o azuado mantelo.

Unha luz milagreira os seus fíos desata,
e cega a craridade das raiolas de prata.

Pola fenda de groria os anxos feiticeiros
Saíron espallando as rosas a milleiros.

E do ceo á fenestra van tecendo con elas
un sendeiro frorido, enfiado de estrelas.

A neniña tremente, rosiña desfollada,
vai caíndo, caíndo, en terra axoellada.

E a noite vé o milagro e o mundo estremece:
¡o Neno-Dios no cume dos ceos aparece! [...]

“Camiños no tempo” (1949)

No Pazo de Barantes reuníronse o 25 de setembro de 1930 destacados representantes do galeguismo e o agrarismo: Basilio Álvarez, Castelao, Otero Pedrayo, Ramón Salgado, Peinador, García Martí, Portela Valladares, os propios anfitrións, Cabanillas e outros.


Desta xuntanza saíu o coñecido como **“Compromiso de Barrantes”**, documento político que defendía a autonomía de Galicia, a dignificación do campesiñado e democracia sen caciquismo. Reproducimos un anaco:

“En el orden cultural, por la escasez de escuelas, carencia de enseñanzas técnicas y por el olvido completo de nuestro carácter y nuestras tradiciones, de nuestro genio, que aparece deformado y paralizado por orientaciones que no podrá asimilar jamás.

En el orden político, Galicia sigue siendo un feudo fuera de la Constitución.

Sistemáticamente, el sufragio es una falsedad, los derechos ciudadanos no tienen garantía, los órganos de gobierno son instrumentos de amenaza y atropello, la ley se queda en el papel, la justicia es zarandeada y removida según la voluntad del oligarca que sin recato acude a la fuerza para imponerla. Un afrentoso estado de vasallaje que no podemos teolerar por más tiempo.

Afirmamos como origen y raíz de todos estos males y negruras de Galicia, el centralismo sorbedor de las energías regionales, despectivamente olvidadizo para las legítimas ansias nuestras. El engendra nuestra ruina, nuestro atraso y nuestra opresión.”



Polo medio de viñedos e milleirais abandonamos o fondal do val para subir ó punto de confluencia dos concellos de Ribadumia, Meis e Meaño:

8. San Cibrán

O Monte San Cibrán, que aínda conserva as estrutura do castro que noutros tempos foi, é hoxe un miradoiro e área de lecer dende o que se divisa unha magnífica panorámica do Salnés e a ría de Arousa.



VENDIMA EN SALNÉS

Salnés antergo e saudoso, terra sagra e petrucial
farta de séculos, chea de amor e dolor de nai

Unha ermida cada castro, cada valgada un pinal,
cada camiño un cruceiro, cada recuncho un fogar.

Erveiros e milleirales e viñas na terra cha;
o sol ó cair nas ágoas deixou o ceo a sangrar.

O Umia, canso, deitouse nas xunqueiras de Sisán;
o pai Castrove, na estrema, pon os ollos alén mar.

No carro vén a tinalla, cheíña a non poder máis;
de trás, as vendimadoras, a rir, collidas das mans.

O carro ven derradeiro, chirra que te chirrarás,
E por riba do rinchido rompe unha moza a cantar:

Lévame no carro, leva,
carreteiriño das uvas;
lévame no carro, leva,
comeréi das máis maduras.

Recollen a copra os pinos de vagoroso fungar,
os pinos rexos, trunfantes de agres salseiros do mar.

Costa arriba, costa abaixo, o carro chirra a compás
E o cantar brinca de novo engadido no alalá:

Carreteiriño das uvas
déixame rubir ó carro;
carreteiriño das uvas
éiche pagar o traballo.

Terra de Salnés. Outono. A caída do serán.
Os carros na corre道ira, chirra que te chirrarás.

“Poemas soltos” (Datados, 1907-1959)




9. Mosteiro de Armenteira

Continuamos ascendendo pola abas do Castrove ata chegar ó Mosteiro de Santa María da Armenteira, unha das xoias arquitectónicas do Salnés.

A igrexa do mosteiro fundado por don Ero é de de estilo románico cisterciense, rematada de construír en 1147, ten planta rectangular con tres naves rematadas en tres ábsidas semicirculares. Destacan nela o seu pórtico abucinado con arquivoltas semicirculares sobre seis pares de columnas, unico caso en Galicia; o magnífico rosetón calado e a cúpula de estilo mozárabe.

Afonso X O Sabio conta na cantiga 103, das Cantigas de Santa María, a lenda de San Ero que da pé a Cabanillas para contar unha historia, entre irónica e roxoubeira, que empeza con esta lenda.



O PAXARO DE ARMENTEIRA

I

Eu mesmo o lín no Libro dos Abades
do señorial Mosteiro de Armentira:
San Ero, o prior, deixou durmindo os frades
unha fresca mañán de primavera

e cavilando no mestereo inxente
da Goroa, sempre leda e duradeira,
na man levando un chusco de pan quente
metéuse na veciña carballeira.

Oindo o canto dun paxaro estivo
trescentos anos, -como o lín o escribo,-
i ó chegar ó mosteiro de retorno,

o novo monacal coro ademira
que o anaco de pan con que saíra
tres sigros antes... ¡inda estaba morno!

II

Contáronmo a carón dunha lareira
que non o lín no Libro dos Abades:
Hai un sigro, e sinón ándalle á veira,
de acordo a curia,-¡iban ás mitades!-

roubaron uns larcháns, a mau armada,
o mosteiro -que está nas soedades
do monte, antre os piñeiros da valgada,
i eran naquel entón ricos os frades.-

Mataron o prior i o campaneiro
i arramplaron alhaxas e diñeiro...
hastra que máis no coupo no refaixo!

Entrampallóu a curia o sucedido,
veu, logo, a escaustración... tempo perdido...
o mosteiro, deserto, véuse abaixo!

III

Amontados en burros, ó pasiño,
por coñecer as ruínas do mosteiro,
colléu un luns de Páscoas o camiño
a tola mocedá do meu rueiro.

Chegamos; i o xantar, ¡lembro inda o viño!
Contei as lendas, i añadín sabía
que aquel que antre os carballos o fuciño
se astrevera a meter... ¡algo vería!

Nadie o creiéu; mais unha costureira
i un mozo foron ver a carballeira
e puxeron, á volta, o conto en craro.

Eu pregunteille: *¿Qué houbo desa xente?*
Pois, -dixeron,-sin frades nin pan quente
nin ladróns, pero... ¡vimos o paxaro!

IV

Quedóu a cousa así. Si algúns sorriron
os máis deles quedáronse calados;
e dispóis que, eu tamén, se adevertiron
bailando, hastra sair caseque abafados,

pasiño a paso, o mesmo que denantes
nos burros,-e nas burras,-amontados,
póndose o sol chegamos a Barrantes
e, noite xá, caímos en Cambados.

Pero, ¡cata ahí que o demo non é xordo
e cando ti estás tolo él está cordo!
O caso é que o paxaro... ¡fixo o niño

e debeuno faguer na carballeira
porque alá por xaneiro, a costureira
-¡boa no-la metéu!- toubo un meniño!

“No desterro” (1ª edición) 1913



Deixamos o Mosteiro e, polo “Val de Deus”, acadamos o altiño da Escusa para descender pola outra cara do Castrove cara as farturentas terras de Meaño, propicias para o cultivo de magníficos viñedos de albariño. Podemos visitar a igrexa de Santa Mª de Simes que conserva vestixios das súa orixe románica. Nas súas inmediacións hai un curioso piorno en ele, único no Salnés. Románica é tamén a igrexa de San Xoán de Meaño , de interesantes canzorros con curiosas figuras.

Estas terras foron cantadas por Herminia Fariña, que tiña en Simes a súa casa, no seu libro “Seara”, do que Cabanillas fai unha crítica moi favorable en “La temporada de Mondariz” da que reproducimos uns parágrafos:



“SEARA”

POESIAS DE HERMINIA FARIÑA.

1924

Lidos en tempo e lugar axeitados ó sentimento que latexa nas páxinas de “Seara” –á bocanoite e ó pé dun carballo das arboredas de Mondariz-, as hermosas poesías de velaiña tristura, fondas e mainas, que compoñen o libro, entraron moi adentro no meu corazón.

Poida que, ademais, teña nelo boa parte –xa que por forza temos de creer que hai un fío segredo que pendura as nosas almas do paisaxe e das verbas-, o que tamén eu, como a doce poetisa, brinquei os regueiros e camiñei polas veredas de aquel mimoso currello galego onde ás veces se escoitan o barullar do mar do Grove e as badaladas das campanas de Armenteira. [...]



10. Muíños de Lores

Ó longo e ancho do Salnés atopamos moitos muíños. Desde os de maré de A Seca de Cambados e as Aceñas da Illa de Arousa, ata os construídos nos ríos e regatos da comarca: As Aceñas de Baión, os muíños do Batán en Ribadumia, os do río San Martiño, no mesmo concello, os do rego de Armenteira, etc. Moitos deles están rehabilitados e téñense establecidas rutas de sendeirismo para visitalos. Tal é o caso destes, no río da Chanca, no seu percorrido por Simes e Lores. Cabanillas fai moitas veces referencia o mundo dos muíños, coma neste poema:

MUIÑEIRA DA REVOLTA

Muiñeira da Revolta,
da Revolta revoltada,
fóiseche a risa dos beizos
fóiseche o brillo da cara.
Xa fai días que te vexo
inqueda e sobresalatada,
sin saír do pé da porta
ata que a noite vai alta...
¡Un salaio a cada estrela,
perdida ó lonxe a mirada!

Muiñeira, seica...seica
te ensalmóu a mala fada:
tés de lle faguer a figa
ó trasno que te enfarfalla!

A tolba chea non treme,
o tarabelo non baila,
o rodicio non se move,
a moa dorme calada,
silandeiro está o muíño
como unha casa queimada...
a ágoa vaise perdida
¡ai! como a túa mirada.

¡Espílete, muiñeira
da Revolta revoltada!
¡Alguén pola encosta rube!

¡Alguén pola encosta baixa!
¡Poida que traia o rescrito
para a pena que te ensalma!
[...]

“Poemas soltos”
(Datos,1907-1959)



Seguimos camiño a Sanxenxo, pasando ó pé da magnífica atalaia sobre o val de Meaño que é o adro do santuario de San Bieito de Lores. Facemos parada en Padriñán, onde resiste á febre urbanizadora un pequeno rueiro nos arredores do Pazo do Virrey.

11. Sanxenxo

O concello de Sanxenxo estende o seu territorio entre as rías de Arousa e Pontevedra, fronteiro as Illas de Ons. É un importante centro turístico que atrae a multitude de visitantes polas súas magníficas praias e boas instalacións e servizos hosteleiros. Conta ademais cun importante porto deportivo na capitalidade e outro pesqueiro en Portonovo.



TERRAS DE SALNÉS

-Sanxenxo-

Pinales de Arra e de Adina,
os do bravío arrecendo,
doirados do sol da tarde
e mollados dos salseiros,
sabidores dos balbordes
do de Atlante mar inquedo;

Bordóns, das veigas mimosas
e dos parrales costeiros
onde os asios do albariño
mostran a cor do ouro vello
como nos agros latinos
do faustiniano Falerno;

Silgar, da area de prata
e das sireas rueiro,
onde entre rendas de escumas
e naces de lúa acesos
surdéu, pulida e ridente,
a Venus do mito heleno;

Padriñán encastelado,
Portonovo en mar aberto
en que bogan, ras das ondas,
ó dondo ir e vir do vento,
voces de vellas cantigas
nadas ó chaschás dos remos;

Sobreiras dos prioratos,
adros de paz e sosego,
ledas hortas reutorales
de floridos limoeiros;
“Jugum veneris”, Lanzada
niño, altar, linde do ceo;

Pobreza san e valente
dos fogares mariñeiros,
forxa de conqueridores
nas loitas dos novos tempos,
tan vivos na miña sangue,
tan fondos no meu relembo.

Terras do val de Salnés!
Terra sagra de Sanxenxo
onde pola vez primeira,
trementes cara o misterio,
viron porse o sol nas ágoas
os varudos abós céltigos...!

Santa Rosalía, a túa,
a que bautisma teus nenos,
a que aparella teus mozos,
a que encamiña teus vellos;
Santa Rosalía, a santa
do colorciño trigueiro,
rosa de luz que estremece
na limpa arcada do ceo;
Santa Rosalía, a anterga,
a da eirexa no areiro
como niño de gaivota
no buraco dun rochedo,
te benzoe e te aloumiñe
mar e terra de Sanxenxo!

**“Poemas soltos” (Datados),
1907-1959.**



Baixamos de “Padriñán encastelado”,
pasamos por Portonovo e , seguindo a
estrada da costa, dirixímonos o seguinte fito
do noso percorrido por unha paisaxe variada
de praias e cantís, atravesando as parroquias
de Adina, Arra e Noalla.

12. A Lanzada

Na Punta da Ermida, nunha illa só accesible noutroa na baixamar e hoxe convertida en península, consérvase unha pequena igrexa románica cun pequeno rosetón na fachada, ábsida semicircular e fermosos canzorros, próxima ós restos dunha torre medieval destinada a conter as invasións árabes e normandas. Mandada construír polo bispo Sisnando no século X, é a primeira dunha serie que completaban a de San Sadurniño en Cambados, Calogo en Vilanova, Cortegada en Carril e as Torres do Oeste en Catoira. O último sábado de agosto celébrase no entorno da capela unha concorrida romaría adicada a Nosa Señora da Lanzada, onde se realizan curiosos rituais, entre eles o “baño das nove ondas” propiciatorio da fertilidade.

Cabanillas ó falar dos temas das cantigas populares di respecto a este lugar:

“Tamén o paisaxe entra nelas. Unha hai que dibuxa certamente o emprazamento da ermida da sonada Virxe que nomea; ermida de belida e longa estoria, a de Santa María Lanciata dos documentos e cartularios medeoevaes:

Nosa Virxe da Lanzada
que altiña que se foi pór;
dálle o aire, dálle o vento,
dálle o mar por arredor. [...]

“Antífona da cantiga” (1951)

As nove ondas tamén poden curar os males de amor como ironicamente conta Cabanillas neste soneto:

VIAXE PERDIDO


Para ceibarme de morrer, chuchada
dun amor que me enchéu de penas fondas,
no mar costeiro e bravo da Lanzada
toméi, á media noite, as nove ondas.

Collín cara a San Breixo, a pan e ágoa,
cunha vela na man todo o camiño,
e dende alí, para zarrar a mágoa,
fun a Nosa Señora do Corpiño.

Limpa estóu de feitizo e de meigallo.
Quedéi rexa e baril como un carballo,
san como un buxo, dura como un seixo.

Mais, si el chega onde a min xa non me movo.
Feita de cera teño que ir de novo
á Lanzada, ó Corpiño e a San Breixo.

“Da terra asoballada” (1917)




Para protexernos ou liberarnos do mal de ollo, do meigallo ou do feitizo damos tres voltas arredor da capela e botamos tres moedas no cepillo da Virxe, co cal podemos continuar o noso percorrido.

Nas proximidades, a un lado e outro da actual estrada, atopáronse restos arqueolóxicos e unha necrópole con enterramentos dos séculos III e IV a. de C.

13. A Siradella

Estamos xa no mariñeiro e turístico concello do Grove e subimos ó monte Siradella. Dende este magnífico miradoiro podemos contemplar o tómbolo e a enseada do Umia en toda a súa extensión, o océano coas illas de Ons e as Cies no horizonte, O Grove, a illa da Toxa, Cambados e a Illa de Arousa no plácido mar da Ría. Completan esta visión circular a punta de San Vicente, o arquipélago de Sálvora e a fachada norte da ría de Arousa coa serra do Barbanza como fondo.

Aquí temos a Aula de Interpretación da Enseada do Umia-O Grove e nas súas inmediacións a lendaria “figueira do Meco”.



MARIÑEIRA

Leste duro

Mar bravo.

Curiscadas da choiva.

A noite vai rubindo
cabaleira na sombra.

As fortes ás tendidas,

Inquedadas, sin rumbo, silenzosas,

Levadas polo vento

Déinxanse ir as gaivotas.

Salseada e batida das escumas,
de lombo en lombo das hinchadas olas,
a vela a catro rizos, bolinando,
coa quilla ó descuberto, vai a dorna!
A dorniña pulpeira
durmirá mar afora...

O patrón unha man aferrollada
na caña do timón, outra na escota,
leva os ollos chantados
nos cons ergueitos da lonxana costa.

Ferve o mar. Brua o vento...
¡Probe da dorna!

Un refacho asubiante
abate a verga e tronza o palo, as cordas
estalan, e un instante ábrese a vela
e cai a plan no mar...

Galgan as olas
ouveando roncas, como cans famentos
en asalto dos cons...
¡Probe da dorna!

“Vento mareiro” (2ª edición) 1921



Descendemos da Siradella e dirixímonos cara o oeste para presenciar o solpor na boca da ría desde a Punta do Castriño. Atravesamos a parroquia de San Vicente do Grove pasamos ó pé da súa igrexa e facemos parada na praia do Carreiro, onde se atopa o xacemento arqueolóxico de :

14. Adro Vello



As escavacións realizadas neste lugar nos anos 80 puxeron ó descuberto os restos dunha vila romana dos séculos I ó IV que foi destruída por un incendio que a reduciu a ruínas, sobre as que se levantou unha necrópole que foi utilizada ata o século XVIII. Tamén se descubriron os restos dunha igrexa con adro e sacristía que data da época visigótica e píos para a salga. O que proba a antigüidade da adicación dos grovenses á explotación dos recursos mariños e á elaboración de conservas. Nas inmediacións industriais cataláns construíron no S. XVIII unha fábrica, hoxe transformada en vivenda.

Rematamos o noso roteiro na Punta do Castriño mirando o mar que viu Cabanillas:

O CRUCEIRO DO MONTE


[...] Óllase de alí o mar que aldraxa e bate
de Sálvora os rochedos,
as verdes, escumosas
ágoas do mar aberto:
o mar de Atlante,
o mar dos outos berros,
o mar dos tempos novos
que agacha en reboeiros
a illa Cameriana
onde agarda o Encuberto,
o mar das ondas irtas e galgantes
de onde rompen, incertos,
os camiños do Mundo,
rutas do Alén, do Ensono, do Misterio! [...]


“Camiños no tempo” (1949)

Mar do coral e a medusa,

a dos ventres froitadores e fecundos
e as mareias paridoras,
fonte da vida e das formas, primixenio e xenitor!
Auroch máxico xunguido ó carro do Setestrello!
Mar dos inotos lindeiros, tenebroso e lexendario,
das sireas de cantigas traicioneiras
e o barbado, xigantesco Adamastor!
Mar morto das vagorosas linternas do Santo Outelo
que alumean os camiños de rompentes e naufraxios
e os difuntos aboiantes cara ó ceo sombrizoso,
amortallados de lúa!
Mar en lida treboante contra os valos impervíos dos praias
e os rochedos en vixía que te atrancan e encadean
e te moen en escumas!
Mar bruante, mar rolante tombo a tombo, fungador,
cramoroso de baladros ecoantes, de balbordos estricados
e lampexos rachadores e escandidos do trebón!
Mar salgado polas bágoas dos luceiros namorados!
Mar da Venus danzadeira no mallente,
baixo as arcadas das ondas,
mal velada polas rendas e cendales aguaneiros,
no taboado das areas ouriverdes,
entolecendo tritóns! [...]

“Da miña zanfona” (1954,1959)





“Terras de Salnés. Outono. Á caída do serán...”



Cambados, outubro 2009